

## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA), a iniciativa do seu deputado e portavoz suplente **Antón Sánchez García**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate en **Pleno**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

*No Consello da Xunta de Galicia celebrado con data de 9 de xullo de 2015, o goberno galego vén de aprobar a creación dun bono dotado con 150 euros mensuais, con duración de dous anos, destinado a familias en risco de desafiuzamento por non poderen facer fronte ao pagamento dos seus alugueiros.*

Dita aprobación vén confirmar que solucionar o problema estrutural do incumprimento do dereito constitucional ao acceso á vivenda non é unha prioridade para o Goberno galego. Medidas paliativas e provisionais como a aprobada polo Consello da Xunta non pasarán de propaganda con nula eficacia á hora de arranxar o problema da vivenda no noso país.

Alén das súas orixes na obsesión franquista por incentivar a vivenda en propiedade, o modelo de desenvolvemento baseado na burbulla inmobiliaria, un modelo que o Partido Popular alentou e contribuíu a hinchar con lexislación propicia, está na raíz de que agora, en tempos de crise, o acceso á vivenda estea a provocar un auténtico drama social. A falta de implicación dos gobernos do Partido Popular tanto no estado español como no noso país, na elaboración de lexislación tendente a salvagardar o dereito á vivenda ten como resultado que aquí a porcentaxe de vivenda social en réxime de alugueiro sexa só do 1%. Isto contrasta coa media europea do 18% e, sobre todo, con porcentaxes coma o 57% no caso alemán, o 47% no caso holandés ou o 20% no Reino Unido.

A existencia dun parque público de vivendas sociais en réxime de alugueiro si contribuiría eficazmente a deter o drama dos desafiuzamentos, ademais de que impediría que os prezos no mercado xeral de alugueiro repercutisen á alza medidas de axuda directa como a aprobada polo Consello da Xunta.

A aposta pola vivenda entendida como dereito e non como negocio, tería ademais a virtude de encardinarse na necesidade xeralmente aceptada de procurar un novo modelo económico menos dependente da expansión ilimitada do parque de vivendas novas. Un modelo hoxe esgotado que nos conduciu a unha das peores crises sociais e a unhas taxas de paro e precariedade laboral insoportables.

En atención ao referido, o Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia á elaboración dun Plan de vivenda con vocación de resolver o problema estrutural da dificultade de acceso á vivenda. Este plan debe incluír unha aposta decidida pola vivenda social en réxime de alugueiro a través de parques públicos de vivenda destinada ao aluguer así como a posta en marcha doutras medidas coma o incentivo ás cooperativas de aluguer que permita que o noso país converxa coas porcentaxes dos países da Unión Europea.

Santiago de Compostela, a 10 de xullo de 2015

Asdo. Antón Sánchez García  
Deputado e Portavoz S. do G.P. da AGE.

**Asinado dixitalmente por:**

**Anton Sánchez García na data 13/07/2015 10:28:25**